

ACTA Nº 05/2012

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 14 DE MAIO DE 2012.

ORDE DO DÍA

1º.- Adopción de acordo de aprobación de operación de préstamo excepcional derivada do mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, no marco do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 14 de maio do 2012, sendo as 20:05 horas, reúnen os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Ferverza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno extraordinario, anunciado para o día de hoxe. Cóntase ca presenza da Sra. Interventora Municipal, Dna. María del Carmen Carracelas Rosales.

1.- ADOPCIÓN DE ACORDO DE APROBACIÓN DE OPERACIÓN DE PRÉSTAMO EXCEPCIONAL DERIVADA DO MECANISMO DE FINANCIAMENTO PARA O PAGAMENTO AOS PROVEDORES DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO REAL DECRETO-LEI 4/2012, DE 24 DE FEBREIRO.

O Sr. Alcalde sinala que a convocatoria do Pleno extraordinario veu motivado pola necesidade de adoptar este acordo. Temos unha proposta ditaminada en Comisión Informativa. Informes da Intervención sobre o cumprimento do Plan de axuste e da Secretaría sobre tramitación. A operación faise para poder pagar a provedores incluídos no Plan. Temos informe favorable do Ministerio de Facenda.

(O Sr. Alcalde da lectura ao escrito remitido polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas onde se informa favorablemente o Plan de axuste remitido polo Concello de Moaña).

O Sr. Alcalde engade que a información foi chegando a contagotas. Hai aspectos que aínda non coñecemos. Esta operación é moi importante para o saneamento do Concello. O crédito é a dez anos, con dous anos de carencia. Sabemos da dificultade para asumir a situación. O tipo de xuro sería euribor máis dous puntos. Trátase de un paso importante para que empresas e autónomos que traballaron para o Concello poidan cobrar.

O Sr. Freire, Concelleiro Delegado de Facenda, afirma que é unha boa ocasión para poñer os contadores de débeda do Concello a cero. A idea é que o Concello poida estar saneado a medio prazo. De non aprobarse o Estao detraerá os importes da participación do Concello nos ingresos do Estado. O Concello podería pasalo moi mal.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que este Pleno ven sendo unha repetición do Pleno no que, co voto dos Concelleiros do PSOE facilitouse a aprobación do Plan de Saneamento. Sorpresa cando nos enteramos da necesidade de aprobación de este acordo. Pero non debe ser tal sorpresa. O Plan tiña unha boa concepción pero cun cúmulo de despropósitos no seu desenvolvemento. Queremos que os provedores que prestaron servizos e que subministraron material para o Concello poidan cobrar. Todo isto parece pensando para as grandes empresas. Deberon asegurarse que as pequenas empresas que subcontrataron as grandes tamén puidesen cobrar ca inmediatez das grandes. Ao final os pequenos importan pouco. Agora non nos sinalan que tipo de xuro van aplicar. Espero que a Interventora poida durmir ante este despropósito. Non se coñece o tipo de xuro a pagar. Gustaríame que a Interventora, que está presente para algo, informara. Que o que aquí votemos non nos deixe presos cando se coñezan as condicións do crédito. A aprobación do Plan de Saneamento non precisou de maioría absoluta. Agora din que se precisa do noso voto favorable. De non ser así poñeríase en risco ao Concello, restarían a participación nos fondos do Estado de xeito desordenado.

A Sra. Interventora sinala que a día de hoxe non se coñece o tipo de xuro. Fálase de euribor a tres meses máis un diferencial. As previsións din que, en total, andaría en torno a un 5%. Hai que devolver os 4,6 millóns de euros en dez anos con dous meses de carencia.

O Sr. Pastoriza afirma que na información que se distribuiu unha das entidades que vai prestar os cartos e Bankia, unha entidade intervida que precisa o tripple do que se vai prestar aos concellos. Un despropósito. O mundo ao revés.

A Sra. Interventora sinala que, en calquera caso, a non concertación desta operación de crédito tamén suporía a obriga de ter que pagar algún tipo de xuro. Non solo detraen da participación polo importe das obrigas. Habería que descontar principal máis xuros.

Non hai máis intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía ditaminada en Comisión Informativa sobre a adopción de acordo de aprobación de operación de préstamo excepcional derivada do mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, no marco do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, e

queda aprobada por dez votos a favor, oito dos Concelleiros do PP e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE e sete abstencións, dos Concelleiros do BNG, co seguinte texto e acordos:

“APROBACIÓN DA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO EXCEPCIONAL CONFORME O REAL DECRETO LEY 4/2012, DE 24 DE FEBREIRO.

Considerando que o artigo 101 do Real Decreto-Lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determina nas obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación par ao pago aos provedores das entidades locais establece:

“As entidades locais poderán financiar as obrigas de pago aboadas no mecanismo mediante a concertación dunha operación de endebedamento a largo prazo cuxas condicións financeiras serán fixadas polo Acordo da Comisión Delegado do Goberno para Asuntos Económicos”.

Considerando que con data 30 de marzo de 2012 por acordo do Concello Pleno adoptouse acordo de aprobación do Plan de Axuste o que se refire o Real Decreto Lei 4/2012. Sendo valorado favorablemente polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e en consecuencia autorizada a operación de endebedamento de conformidade co establecido no artigo 7.5 do citado Real Decreto Lei.

Considerando que a Orden PRE/773/2012, de 16 de abril, establece as características principais do Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos para a posta en marcha do mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais, co seguinte detalle:

a) A financiación máxima por entidade local (incluíndo os seus organismos autónomos e entidades dependentes que lle pertencen integralmente) será a suma de:

- Obrigacións pendentes de pago recollidas nas relacións iniciais remitidas por las Entidades Locais at ao día 15 de marzo, e respecto das cales os contratistas, directamente ou a través de aquelas, manifestaran a súa vontade dea collerse o procedemento do Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro.
- Obrigacións pendentes de pago que consten nos certificados individuais que se emitiran polas Entidades Locais recoñecendo a existencia de débedas con provedores.
- Obrigacións pendentes de pago con contratistas que, tendo aceptado a aplicación do citado Real Decreto-lei 4/2012, estean suxeitos a procedementos de embargo ou de concurso de acredores.

b) Prazo das operacións. Un máximo de 10 años con 2 años de carencia na amortización de principal.

c) Tipo de xuro para o prestatario. O equivalente o custe de financiación do Tesouro Público aos prazos sinalados máis un marxe máximo de 115 puntos básicos o que se engadirá un marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos.

d) O Instituto de Crédito Oficial actuará como axente coa colaboración das entidades de crédito que se adhiran o mecanismo de financiación.

De acordo cos datos facilitados polo Ministerio de Facenda e Administracións públicas, o importe a formalizar da operación de préstamo é de 4.549.015,54€, dos cales corresponden á propia Entidade Local o importe de 4.549.015,54€ e 0,00€ o Organismo Autónomo.

Considerando que o importe dos recursos ordinarios previstos no orzamento do exercicio 2012, nesta data prorrogado do 2011, ascenden a 8.087.177,86€, e considerando que o importe acumulado das operacións de crédito a largo prazo con inclusión da operación que se proxecta supera o 10% dos recursos ordinarios. De conformidade co establecido nos artigos 21.1.f) e 22.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local, a competencia para a concertación da operación de crédito correspóndelle o Pleno do Concello.

Visto o informe que emitido pola Intervención en data 09 de maio de 2012.

Propónse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a operación de préstamo excepcional derivada do mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais, cuxas condicións, de acordo co disposto na Orden PRE/773/2012, de 16 de abril, son basicamente as seguintes:

- a) Importe: 4.549.015,54 €
- b) Prazo. Un máximo de 10 anos con 2 anos de carencia na amortización do principal.
- c) Tipo de xuro. O equivalente o custe de financiación do Tesouro Público aos prazos sinalados máis un marxe máximo de 115 puntos básicos o que se engadirá un marxe de intermediación e un máximo de 30 puntos básicos. A operación formalizarase con aquela Entidade que comunique o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medio do Instituto de Crédito Oficial.

SEGUNDO: Remitir una copia del expediente tramitado al órgano competente del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

TERCEIRO: Facultar o Alcalde-Presidente tan amplamente e expresamente como en dereito fose necesario para a formalización da operación de préstamo e a firma de cantos documentos sexan necesarios en orden á execución do presente acordo.”

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte horas e quince minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

Vº PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO